

asistencial por anciandade establecida polo Estado para o país de residencia (na actualidade prestación económica por anciandade, de acordo co Real decreto 8/2008, do 13 de xaneiro), nas contías que se determinen para o exercicio de 2008, computando todo tipo de rendas, mesmo as axudas públicas ou privadas. Dado que o Estado non ten fixadas as contías das prestacións económicas por anciandade para todos os países, faise necesario que esa referencia para os devanditos países se faga á contía da pensión non-contributiva do Estado Español, que é o indicador principal para a fixación da citada prestación.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo primeiro.-Modifícase o artigo 3.2º.1, que queda redactado como segue:

Considerarase que existen rendas ou ingresos insuficientes cando aqueles de que dispoña o interesado, ou se prevexa que vai dispoñer en cómputo anual, sexan iguais ou inferiores á base de cálculo da prestación asistencial por anciandade establecida polo Estado para o país de residencia (sen prexuízo das contías específicas do artigo 10.2º), nas contías que se determinen para o exercicio de 2008, computando todo tipo de rendas, mesmo as axudas públicas ou privadas. Nos países en que non estea fixada a contía da prestación asistencial por anciandade polo Estado, as referencias establecidas nesta resolución entenderanse feitas á contía da pensión non-contributiva do Estado español determinada para o exercicio de 2008.

Artigo segundo.-Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 12.1º, que queda redactado como segue:

12.1º. A contía da axuda poderá variar entre un mínimo de 430 € e un máximo de 900 €. Estes límites non serán aplicables ao suposto de axudas establecido no artigo 4. Será fixada tendo en conta:

-O número de solicitudes presentadas.

-O importe da axuda estará en función da avaliación obtida en aplicación dos criterios establecidos no artigo 19 e tendo en conta a gravidade do suposto polo que se solicita, ordenándoas en orde decrescente segundo os artigos correspondentes a cada suposto tal como se sinala a seguir: 5º, 7º, 8º, 10º, 9º, 6º, 11º e 4º.

Artigo terceiro.-Para o exercicio orzamentario de 2008 amplíase en 400.000 € (catrocentos mil euros) o importe da contía inicial prevista na Resolución do 4 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establece e se regula o programa de axudas económicas individuais a galegos residentes no exterior para o exercicio de 2008, que será financiada con cargo ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 04.50.312C.480.0.-Accións política migratoria.

Artigo cuarto.-Esta modificación non afecta os prazos establecidos na Resolución do 4 de febreiro de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establece e se regula o programa de axudas económicas individuais a galegos residentes no exterior para o exercicio de 2008, para a presentación de solicitudes, nin afecta o resto do articulado desta resolución.

Artigo quinto.-Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2008.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 24 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos do litoral para o acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (IN982J).

Galicia, como destino turístico, conta cun amplo abano de produtos que lle outorgan unha singularidade en canto á súa oferta turística, a cal, cunha rica e variada oferta de recursos (patrimoniais, culturais, paisaxísticos...) permite que Galicia sexa, cada vez máis, un dos principais destinos elixidos polas persoas interesadas en coñecer xente e lugares novos.

No marco desta ampla gama turística que ofrece a Comunidade galega, debe destacarse o contorno natural do seu amplo litoral costeiro (1.300 km de costa) no cal se reparten 772 praias, distribuídas nas cinco grandes rías, espazos naturais cunhas condicións óptimas para o desenvolvemento de actividades turísticas vinculadas ao mar.

A costa é un espazo de lecer cunha gran demanda na época estival, co consecuente impacto económico

que o seu aproveitamento turístico supón. Mellorar e valorizar este contorno no marco do respecto ao ambiente convértese, polo tanto, nun elemento esencial para captar e consolidar visitantes.

Así, debe ser obxectivo fundamental levar a cabo actuacións en toda a franxa costeira, principalmente nos seus concellos, aproveitando basicamente os seus valores paisaxísticos, naturais, culturais e a súa potencialidade para o uso turístico do litoral.

O obxecto das ditas actuacións é, por un lado, darlle resposta á nova demanda de zonas de lecer e gozo en enclaves de maior calidade ambiental e, por outro, potenciar o turismo, tanto foráneo coma local, que opta por lugares que ofrecen posibilidades diferentes aos habituais do turismo de masas.

Trátase de realizar unha explotación organizada e racional do litoral, baseada nas premisas do desenvolvemento sustentable, todo mediante accións que impliquen a preservación e restauración dos distintos recursos e a súa explotación causando o mínimo impacto ambiental.

Con isto preténdese avanzar no proceso de consecución do máis alto grao de calidade nas praias, tanto desde o punto de vista da mellora na xestión dos recursos coma na xestión ambiental, mediante a implantación e posterior certificación de sistemas de xestión de calidade e ambiental das praias da costa galega.

No desenvolvemento das actuacións expostas teñen especial relevancia, pola súa importancia e amplas competencias, os municipios e demais entidades locais onde se localizan as praias, por seren estas entidades as que asumen a maior participación no proxecto e a súa execución en cada praia concreta.

Por isto, a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Turismo, pretende con esta orde colaborar coas anteditas entidades co fin de acadar os obxectivos sinalados.

En consecuencia, e con cargo aos créditos da Consellería de Innovación e Industria asignados para esta finalidade, conforme o establecido sobre medidas de fomento nos artigos 73 e 74 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, e tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña o establecido nesta lei, e conforme a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, convócanse axudas destinadas ao acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño e, no uso das facultades que me foron conferidas segundo os artigos 34 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de nor-

mas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Innovación e Industria, en réxime de concorrencia competitiva, para o acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño para a obtención de certificados de xestión de calidade e/ou ambiental, que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2008.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4º das bases reguladoras.

2. Os modelos poden obterse a través da internet, na páxina web oficial da consellería (www.conselleiriaiei.org), na súa epígrafe de Axudas.

3. Os formularios de solicitude de axuda regulados nesta orde poderán obterse a través do DOG, do enderezo da internet «www.conselleiriaiei.org/ga/web/index.php» da Xunta de Galicia no punto «Axudas Consellería de Innovación e Industria» ou nas dependencias da Consellería de Innovación e Industria.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

Poderanse cubrir e obter os formularios ata as 24.00 horas do día anterior ao da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información poderanse dirixir á Dirección Xeral de Turismo, a través do teléfono 881 99 70 22 ou 981 54 63 63, do número de fax 981 54 63 71, ou do enderezo de correo electrónico axudas.dxt@xunta.es, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros da Consellería de Innovación e Industria, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración

local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 4º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a nove meses.

Artigo 5º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN982J, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Turismo, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (www.conselloriaiei.org), na súa epígrafe de Axudas e na oficina virtual.

b) Os teléfonos 881 99 70 22 e 981 54 63 63 da devandita dirección xeral.

c) O enderezo electrónico axudas.dxt@xunta.es

d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Consellería de Innovación e Industria, que é 981 54 43 41.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Turismo para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos para o acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño, para a obtención de certificados de xestión de calidade e/ou ambiental.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

3. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionable.

En concreto, consideraranse actuacións subvencionables as que se citan a continuación:

a) Proxectos que teñan como obxectivo a mellora dos espazos de uso turístico ou dos servizos destinados á mellora do produto praia, tales como construción de accesos ás praias; creación, mellora e acondicionamento dos servizos ofertados, embelecemento de praias e zonas costeiras.

b) Proxectos que teñan como finalidade actuacións consistentes en obras ou reparacións destinadas a desenvolver programas que conduzan á obtención da certificación correspondente de calidade ou de xestión ambiental das praias turísticas da Comunidade galega.

Entenderase tamén obxecto subvencionable o investimento nos procesos de certificación de xestión de calidade e ambiental, orixinados, exclusivamente, durante o proceso de auditoría de certificación de cada unha das seguintes modalidades:

Sistema de Calidade Turística para Praias outorgado polo Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), e ISO 9001 e ISO 14001, acreditadas pola Entidade Nacional de Acreditación (Enac).

Só se terán en conta as xustificacións de gasto con data da auditoría de certificación posterior, quedando excluídos os gastos xerados polo persoal (laboral ou funcionario), dependentes da corporación local ou da sociedade ou organismo municipal de calquera clase, así como aqueles gastos nos cales incorra o solicitante durante o proceso de implantación do correspondente sistema de xestión.

Só se procederá ao pagamento da axuda no caso do logro efectivo da certificación correspondente, que

se deberá acreditar de xeito fidedigno ante a Dirección Xeral de Turismo; non se considerará en ningún caso a axuda sen esta condición.

Os certificados de calidade e xestión ambiental outorgados polo cumprimento dos requisitos das normas ISO 9001 e ISO 14001, respectivamente, deberán ser extensivos á xestión do conxunto das praias do municipio, e non se admitirá un certificado para cada praia individualmente considerado. Cada municipio, polo tanto, pode acceder a unha axuda para a certificación citada da xestión das súas praias, segundo cada modalidade de certificación anteriormente mencionada.

c) Proxectos que teñan como finalidade actuacións consistentes na implantación de infraestruturas adaptadas, así como equipamentos, actividades e servizos que conformen un espazo turístico accesible.

Todas estas actuacións subvencionables deberán adaptarse á Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e ao Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Poderán acollerse a esta orde as actuacións que se describen no seu artigo 1º, que terán que ser realizadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2008 e a data límite de xustificación dos investimentos establecida no artigo 17º.

4. Quedan expresamente excluídas do obxecto desta orde as actuacións seguintes:

a) Accións dirixidas á limpeza das praias, así como a adquisición de material para a dita limpeza; tampouco será subvencionable o equipamento de grellas, mesas de pimpón, etc.

b) Accións de rehabilitación de estruturas xa existentes, como paseos, camiños, carreiros, pontes, etc.

Non se considera subvencionable ningún tipo de taxa ou imposto segundo o establecido no artigo 31.8º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. As subvencións relativas ao acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño obxecto desta orde imputaranse á aplicación orzamentaria 10.06.761A.760.1 que figura dotada no orzamento de gastos da Consellería de Innovación e Industria para 2008, na cal existe crédito ata un importe máximo de 600.000 euros, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á conce-

sión de máis subvencións, de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 9º destas bases.

2. Os proxectos que se recollen nesta orde como actuacións subvencionables poderán acadar un máximo de axuda de ata o 40%, cun máximo de 60.000 euros.

No caso de certificación de sistemas de xestión de calidade ambiental, a axuda terá unha contía máxima de 2.000 euros.

3. Nestas axudas é posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade, pero o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superen a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente estea establecida.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios da subvención, sen prexuízo de reunir os requisitos establecidos nestas bases, os concellos do litoral galego situados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que contén con zonas de praia ou baño utilizadas por residentes e foráneos.

Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria.

2. Xunto coas solicitudes deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Solicitud segundo o modelo do anexo II, subscrita polos alcaldes ou presidentes das entidades locais de que se trate.

b) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

c) Certificación do secretario da entidade sobre o acordo adoptado por esta de solicitar a subvención e compromiso de incluír no orzamento o importe do custo da actuación que se vai levar a cabo, asumindo a parte non subvencionada pola Dirección Xeral de Turismo, ou certificado de existencia de crédito necesario para afrontar os gastos asumidos por parte do concello ou entidade local correspondente.

d) Copia cotexada do DNI do representante do concello ou entidade local, así como acreditación da súa representación.

e) Copia cotexada do CIF do concello.

f) Autorización da Administración estatal ou autonómica que proceda segundo establece a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e o Decreto 199/2004, do 29 de xullo, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, ou acreditación de que a dita autorización está en trámite.

De non ser necesarias as ditas autorizacións pola natureza da actuación que se vai executar, deberase achegar certificación acreditativa da súa exención asinada polo alcalde do concello solicitante.

g) Proxecto ou memoria descritiva da actuación que se vai subvencionar, con pronunciamento expreso de técnico competente sobre medidas de accesibilidade e seguridade, con inclusión de:

1. Achega de datos, se se dispón deles, de caracterización turística: frecuentación de turistas, número e situación de hoteis ou outro tipo de aloxamentos, etc.

2. Situación con respecto á lexislación en materia de costas e portos do lugar onde se pretenda levar a cabo a actuación sobre a cal se solicita a subvención, así como descrición do lugar de actuación e os seus parámetros físicos.

3. Orzamento e prazo de execución da actuación que se vai levar a cabo.

4. Obxectivos da actuación dirixidos ás melloras e acondicionamento do lugar de que se trate.

5. Autorizacións pertinentes respecto ás actuacións que se van subvencionar con base no disposto na Lei 22/1988, de costas, e o seu Regulamento 1471/1989; Lei 62/1997, de portos, de modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e prestación de servizos dos portos de interese xeral; Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, e Decreto 199/2004, do 29 de xullo, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

6. Fotografías da localización do investimento.

7. Cando sexa preciso, deberase presentar unha maqueta ou a solución máis completa do proxecto obxecto de subvención.

h) Anexo V: modelo de compromiso de utilización da lingua galega.

i) Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A Dirección Xeral de Turismo reservará para si a facultade de solicitar a información complementaria que considere conveniente para a correcta definición, avaliación, seguimento e comprobación do proxecto presentado.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa figura no poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación débese manter vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. A Consellería de Innovación e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederá á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; no entanto, a Consellería de Innovación e Industria revelaralles ás autoridades públicas competentes os

datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderanse exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificios administrativos San Caetano -San Caetano, s/n- 15781 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na Guía do cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 6º.-Órganos competentes.

Dirección Xeral de Turismo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e corresponderalle ao conselleiro de Innovación e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 7º.-Instrución dos procedementos.

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda poderanse facer mediante publicación no DOG, e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios da páxina web da Consellería de Innovación e Industria ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Ás solicitudes achegaráselles uns informes emitidos polos inspectores de Turismo das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria, en que deberán indicar a concordancia do proxecto que se vai realizar e a realidade existente. Estes informes achegaranse cunha antelación míni-

ma de dez días á celebración da comisión de valoración.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

6. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

Artigo 8º.-Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) O/A subdirector/a xeral de Fomento e Cooperación, que a presidirá.

b) Os/as xefes/as do Servizo de Turismo de cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria.

c) O/A xefe/a do Servizo de Fomento e Promoción, da Dirección Xeral de Turismo, que exercerá as funcións de secretario/a.

d) O/A xefe/a do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística, da Dirección Xeral de Turismo.

e) O/A xefe/a do Servizo de Inspección, da Dirección Xeral de Turismo.

f) O/A xefe/a do Servizo de Ordenación do Turismo, da Dirección Xeral de Turismo.

g) O/A xefe/a da Área de Xestión de Calidade de Turgalicia.

3. Os/as suplentes serán designados/as pola Dirección Xeral de Turismo.

4. A comisión poderá estar asistida por expertos externos.

5. Así mesmo, a comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica para os efectos de colaborar na revisión e valoración dos documentos achegados xunto coa solicitude.

6. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificán-

dose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

7. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidos ben co crédito que quedase libre de se producir algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención. Para estes efectos poderanse realizar sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes, tendo cada un deles o peso que se especifica:

a) Que no concello solicitante exista un plan de dinamización ou excelencia turística (25%).

b) Estar catalogado como turístico o concello solicitante (20%).

c) Dotación existente nas praias e necesidades formuladas para o seu bo funcionamento (15%).

d) Grao de investimento efectuado pola entidade local de que se trate nos últimos exercicios nas praias e no seu contorno (15%).

e) Actividades de recreo, ocio, esparexemento, educativas ou doutra índole relacionadas co mar, que o concello solicitante leve a cabo na zona onde se vai intervir (10%).

f) Criterios de calidade da actuación presentada (10%).

g) Compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Este compromiso acreditarase mediante a presentación, debidamente asinado, do modelo que se inclúe como anexo V (5%).

Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráse-lles de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 21.4º.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución

outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, o solicitante ou a relación de solicitantes aos cales se lles concede a subvención, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, de ser o caso, a desestimación do resto das solicitudes e causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario, ou, de ser o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificarlle a resolución ao interesado será de nove meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Innovación e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderán ser remitidos os beneficiarios a consultar información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación. Non obstante, poderase substituír esta notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non-beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrati-

va e contra elas poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Cando, por circunstancias técnicas, se varíe o contido específico dos investimentos ou actuacións recollidas no proxecto inicial e as ditas variacións incidan no investimento subvencionable, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario/a, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros e terceiras.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

Por outra banda, o beneficiario deberá solicitar a modificación para a súa avaliación antes do desenvolvemento do proxecto.

A conformidade expresa da Consellería de Innovación e Industria ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Turismo.

3. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de

Innovación e Industria, logo da instrución do correspondente expediente, en que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10º.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Os beneficiarios das subvencións adquiren os seguintes compromisos e obrigas, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da disposición adicional segunda do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Cumprir o obxectivo e realizar a actuación que fundamenta a subvención.

b) Executar o proxecto de total conformidade co presentado ao concurso de subvención ou, de ser o caso, o modificado coa Autorización da administración turística galega.

c) Comezar a posta en marcha da actuación subvencionada durante o ano 2008 e finalizala con tempo suficiente para xustificar o investimento realizado dentro dos prazos establecidos nesta orde, aínda que tamén poden ser subvencionadas aquelas accións xa iniciadas ou executadas con anterioridade á publicación, iniciadas en 2008, sempre e cando os solicitantes acrediten o dito investimento.

d) Achegar á subvención concedida o crédito necesario para afrontar os gastos asumidos por parte do concello correspondente para a realización da actuación subvencionada.

e) Asumir todas as responsabilidades que puidesen derivar das actuacións obxecto da subvención.

f) Segundo establece o artigo 4.2º a) do citado Regulamento 1628/2006, o investimento deberá manterse en Galicia polo menos durante os cinco anos seguintes, unha vez completada a totalidade do investimento.

g) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Innovación e Industria e, ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, para o cal se achegará canta información lles sexa requerida no exercicio das actuacións anteriores.

h) Comunicarlle á Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, e non superar as porcentaxes máximas de acumulación establecidas na normativa comunitaria europea.

i) Manter o obxecto da subvención en bo estado de limpeza e conservación axeitada.

j) Xustificar a subvención concedida nos prazos e termos previstos nesta orde.

k) Reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido pola subvención concedida, así como os correspondentes xuros de demora xerados desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

* Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.

* Por incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta orde.

* Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

* Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade, do proxecto ou non-adopción do comportamento que fundamentou a subvención.

* Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera Administración ou ente público ou privado.

* Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

l) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o financiamento dos seus activos con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Innovación e Industria. Para isto empregarán a lenda Proxecto financiado, acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia coa lenda Consellería de Innovación e Industria-Dirección Xeral de Turismo. Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta do beneficiario da subvención.

Cando o proxecto se materialice nun sitio da internet, deberanse realizar en lugar visible as citadas referencias na súa páxina de inicio.

Cando se materialice nunha aplicación informática, deberanse facer as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (Axuda, Acerca de ou similares).

Cando o proxecto dese lugar a documentación (manuais, cadernos, folletos, notas informativas, CD-Rom), deberá constar na contraportada das ditas publicacións as citadas referencias.

Cando se trate de obras arquitectónicas, os beneficiarios deberán colocar unha placa explicativa permanente, visible e de gran tamaño, nun prazo máximo de seis meses a partir da conclusión da obra. Na placa indícarase o tipo e nome da operación, que ocupará como mínimo o 25% da placa. Durante a execución da operación o beneficiario colocará un cartel no enclave das operacións. Concluída a operación, o cartel substituirase pola placa explicativa permanente.

m) Os proxectos que se subvencionen terán que cumprir o disposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e as normas regulamentarias de desenvolvemento.

Artigo 16º.-Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, por unha soa vez, as actividades subvencionadas a través desta convocatoria, tendo en conta o disposto neste artigo e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

a) A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria da subvención e as actividades que se pretendan subcontratar realizaranse necesariamente con posterioridade á súa autorización e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

b) A subcontratación para as actividades obxecto desta convocatoria exige autorización previa, que se notificará só nos casos en que esta sexa favorable xunto coa resolución de concesión da subvención. O contrato celebrárase por escrito.

c) Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias das subvencións serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos nestas bases reguladoras en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables, e exixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

d) Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores cuxos pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obtéña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixan nestas bases reguladoras.

Artigo 17º.-Xustificación da subvención.

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación por duplicado exemplar nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria, tendo de prazo para presentala ata o 31 de outubro de 2008:

a) Solicitud de cobramento, segundo o modelo do anexo III.

b) Facturas orixinais ou copia cotexada destas, xustificativas dos gastos subvencionados realizados en función do orzamento e/ou factura pro forma aceptados para a concesión da subvención.

c) Memoria que detalle as actividades levadas a cabo derivadas das actuacións subvencionadas.

d) Declaración daquelas axudas solicitadas ou concedidas para a actividade obxecto desta orde das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos ou sociedades.

e) Certificación acreditativa orixinal da entidade bancaria, do número de conta e CIF do beneficiario.

f) Acta de manifestacións onde se recollan os compromisos a que se fai referencia no artigo 15º desta orde.

De non ter presentado as autorizacións pertinentes relativas á Lei de costas e á Lei de portos (artigo 4º g).5 coa solicitude, deberán achegalas coa documentación exposta.

2. O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución da concesión da subvención ou coas modificacións ou prórrogas autorizadas. Se o investimento xustificado fose menor e sempre mantendo os fins para os cales se concedeu a subvención, esta reducirase proporcionalmente ao importe xustificado.

3. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18º.-Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. Cando se solicite o pagamento parcial da subvención, ademais da presentación da documentación indicada no artigo 17º tamén deberán concorrer as seguintes circunstancias e condicións a que fai referencia o artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 238, do 11 de decembro):

a) Deberá solicitalo o interesado.

b) Deberá xustificarse non só o investimento, senón os pagamentos efectuados, na mesma propor-

ción que represente o pagamento parcial respecto á subvención concedida ata ese momento con cargo ao proceso de investimento aprobado.

c) O importe que se poida satisfacer por pagamentos parciais non poderá exceder en ningún caso a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, nin tampouco superar o 80% do total da subvención concedida.

d) Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva da subvención.

3. En calquera caso, os pagamentos parciais teranse que garantir conforme o determinado no artigo 17 do anteriormente sinalado Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, e deberá acadar, como mínimo, ata os dous meses seguintes ao día de remate do prazo de xustificación previsto no artigo 17º destas bases reguladoras.

A garantía ou aval deberá cubrir o importe dos anticipos ou pagamentos fraccionados xunto cos xuros destes, calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude do pagamento e, como mínimo, aquela en que se cumpran dous meses desde o remate do prazo de xustificación, previsto no artigo 17º destas bases reguladoras.

Unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para o cal se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

4. Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Artigo 19º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 20º.-*Control.*

1. A Consellería de Innovación e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 21º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, o beneficiario, o programa e o crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 €), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 22º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido nesta lei; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e no resto de normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
 E INDUSTRIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DO LITORAL PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS ZONAS DE COSTA ONDE SE PRACTIQUE ASIDUAMENTE O BAÑO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN982J	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

PROVINCIA	CONCELLO	CIF
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	
ACTUANDO NO SEU NOME E REPRESENTACIÓN (1)	NIF	
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS	TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	FAX	

LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO

PROVINCIA	CONCELLO
-----------	----------

EXPÓN:

Que, vista a orde de subvencións publicada no DOG nº _____, e considerando reunir os requisitos exixidos de conformidade coa memoria e demais documentación que se xunta e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, e coa finalidade de acometer o proxecto de _____,

SOLICITA:

Unha axuda para completar o financiamento do sinalado proxecto.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:**

Dá expresamente o seu consentimento á Consellería de Innovación e Industria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

(1) Neste caso débese actuar no procedemento segundo o establecido no artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do PAC.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 24 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos do litoral para o acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008 (IN982J).</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A REPRESENTANTE LEGAL Lugar e data _____, de _____ de 2008		

Director xeral de Turismo
 Consellería de Innovación e Industria

ANEXO III

BENEFICIARIO/A	NIF / CIF	EXPEDIENTE Nº
INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE APROBADO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	INVESTIMENTO XUSTIFICADO

Don /Dona [redacted], en nome e representación de [redacted], titular do expediente de referencia, promovido ao abeiro da orde da Consellería de Innovación e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos do litoral para o acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

EXPÓN:

Que ten executado o investimento relativo ao proxecto de [redacted] por un importe de [redacted]

Que para a tramitación da proposta de pagamento da subvención concedida, con base no sinalado no artigo 17º da antedita orde, achega por triplicado exemplar a seguinte documentación:

- SOLICITUDE DE COBRAMENTO.
- FACTURAS ORIXINAIS, OU COPIA COTEXADA DELAS, XUSTIFICATIVAS DOS GASTOS SUBVENCIONADOS REALIZADOS EN FUNCIÓN DO ORZAMENTO E/OU FACTURA PRO FORMA ACEPTADOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.
- MEMORIA QUE DETALLE AS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO DERIVADAS DOS INVESTIMENTOS SUBVENCIONADOS, ASÍ COMO OS RESULTADOS OBTIDOS DELAS.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DESTA ORDE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES.
- ACTA DE MANIFESTACIÓNS ONDE SE RECOLLAN OS COMPROMISOS A QUE FAI REFERENCIA O ARTIGO 15º.
- CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA ENTIDADE BANCARIA, DO NÚMERO DE CONTA E CIF DO BENEFICIARIO.

De non ter presentado as autorizacións pertinentes relativas á Lei de costas e Lei de portos (artigo 4º.g.5) coa solicitude, deberán achegadas coa documentación exposta.

SOLICITA:

Que se lle liquide a subvención concedida polo importe de [redacted], que se corresponden coa execución do investimento aprobado.

Lugar e data

, de de 200
O/A beneficiario/a da subvención

Don / Dona [redacted]

ANEXO IV

MODELO DE RENUNCIA

Don/Dona , con DNI nº
actuando en nome e representación da entidade , que ten o seu
endereço en

MANIFESTA:

Que o día recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do
pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos do litoral para o
acondicionamento e mellora das zonas de costa onde se practique asiduamente o baño, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008, con clave de
expediente IN982J.2008/ , para o proxecto ,
por unha contía de (euros).

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento
administrativo común.

Lugar e data

, de de 200

Asdo.:

ANEXO V

**DECLARACIÓN VOLUNTARIA DO SOLICITANTE REFERENTE AO USO DA LINGUA GALEGA
(Debe elixir unha das opcións)**

Neste procedemento considérase entre outros criterios de valoración, de acordo co artigo 9 f) das bases, o compromiso, que con carácter voluntario
asuma o solicitante, do uso da lingua galega no desenvolvemento do proxecto. De acordo co indicado o solicitante expresamente sinala que:

- SI NON **SE COMPROMETE** á utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración
autónoma, así como en todos os elementos que deriven da materialización das actuacións subvencionables, de acordo co
establecido no artigo 6.3º da Lei 31/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.